Unha breve biografía

Antía Yáñez naceu en Burela, aos pés do Cantábrico, no verán de 1991. Na infancia devorou libros como elemento principal da súa dieta e agora escribe como complemento alimenticio vital. É Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos pola Universidade da Coruña, pero nunca exerceu. Actualmente xestiona unha academia en Cecebre (Cambre), o que lle permite poder estar en permanente contacto coa escrita, a súa verdadeira paixón. Formouse no relato curto, comezando cos certames locais da súa infancia. Xa adulta, gañou premios como o XI Certame de Microrrelatos "Lonxe Literaria" (2013), o de Relatos Curtos "Os Viadutos" (1º premio en 2014 e 2º premio en 2017), o XXVI Concurso Literario Xaime Illa Couto (2018) e o Certame Literario de Cambre (1º en 2016, 2º en 2017 e 1º en 2018), entre outros. Con obras autotraducidas ao castelán gañou o 1º premio do V Certamen de Relatos "Pablo de Olavide" de La Luisiana (Sevilla, 2016), o 1º premio do XIX Certamen de Poesía y Relato Corto "Dafne" de Oviedo (Asturias, 2016), o 2º premio no XXIV Certamen Literario "Mujerarte" de Lucena (Córdoba, 2016) e obtivo unha mención especial no XIII Concurso de Microrrelatos Mineros "Manuel Nevado Madrid" de Oviedo (Asturias, 2016).
No ano 2016 dá o paso á novela infantil e publica coa editorial Galaxia *O misterio de Portomarín*, que ten a súa continuación en *O misterio do torque de Burela* (Galaxia, 2019). En 2018 gaña o Premio Illa Nova de Galaxia con *Senlleiras*, o seu debut na novela para adultos, e o I Premio Fina Casalderrey de literatura infantil pola igualdade de Baía edicións, grazas ao cal ve publicado o seu primeiro álbum ilustrado, *A reconquista*.

En 2019 publica *Be Water*, novela greenpunk xuvenil finalista do I Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil, baixo o selo de Urco Editora.

Autoría: Distrito Xermar (2019)

https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/antia-yanez

Para saber máis:

https://diariodeunabibliopata.wordpress.com/2018/08/26/senlleiras-de-antia-yanez/

https://www.youtube.com/watch?v=kfEnAvyBPpM

https://praza.gal/cultura/antia-yanez-lsororidade-union-son-palabras-que-esgazan-en-mil-anacos-o-patriarcado-o-machismo-sometemento-e-silencior

Senlleiras e o 8M

Club de lectura de Bacharelato.

***Senlleiras** foi, sen dúbida ningunha, unha excelente elección para o Club de lectura.*

A novela preséntanos dúas historias que non coinciden na época cronolóxica, mais si na mensaxe a transmitir: a opresión do patriarcado na vida de calquera muller. A denuncia vén, por unha parte, da man de Alda, unha "influencer", que é atopada morta logo de publicar na súa rede social unha fotografía que esperta moitos rumores en torno ao seu falecemento; e por outra, de Alana, unha nena e logo moza de inicios do século XX que vive coa súa nai, que traballa de criada na residencia dunha parella adiñeirada. A muller do matrimonio, por mor da falta dun fillo propio, inculcará en Alana o seu gusto pola literatura e, sobre todo, pola incendiaria Emilia Pardo Bazán, cuxa obra cobra un valor simbólico importante dentro da historia.

Deste xeito, semella moi sinxelo comprobar, a través de ambas protagonistas, que o machismo non se erradicou nos últimos anos; que só aprendeu a camuflarse, a vivir entre nós coma un factor da sociedade que moitas veces fica invisible.

***Senlleiras** é unha apertura de ollos ante esta enfermidade social, unha voz que nos recorda que non está todo ben e que a loita polos nosos dereitos como persoas continúa día tras día, na escola, no traballo, na casa. Así, a través dos pensamentos das dúas mulleres reflectidos ao longo da obra, amósanos aquilo que a nosa atarefada vida social e a falsidade das redes sociais silencia cada vez máis.*

***Ana Novo Cuñarro** (Club de lectura de Bacharelato)*

Suxestións de cara ao 8 de marzo

Mergullarse na Marela BD, nela acharedes un cumprido escaparate de cómics e novelas gráficas sobre a igualdade.



Achegarse á sección **Feminismo** da Biblioteca, que vén de estrear nova CDU (142.7), onde encontraredes abundante información sobre o tema, a escoller entre narrativa, poesía, teatro, ensaio, banda deseñada ou cine.

A lectura do boletín da biblioteca *A Marela Tarabela* **"4x8 (BD) para o 8 de marzo"**, nº 28/2018, no que seleccionamos trinta e dúas heroínas de BD que se desenvolven en papeis tradicionalmente reservados a personaxes masculinos; a disposición en:

http://www.edu.xunta.gal/centros/iesallerulloa/system/files/4x8_BD_8_marzo.pdf



O noso poder como lectores é universal e universalmente temido [Roberto Manguel]

A marela tarabela

Nº 29
Febreiro-2021
Boletín da Biblioteca Mario Pereira do Instituto "Ramón María Aller Ulloa"

Senlleiras (para o 8 de marzo)

Senlleiras aborda, desde as primeiras páxinas, un obxectivo moi diáfano como é o de evidenciar e denunciar, a través dun exercicio de ficción, as secuelas que xera a violencia machista, onte e hoxe. Para iso Yáñez bota man de xéneros diferentes cos que esta literatura realista se enriquece como son, por exemplo, trazos da novela detectivesca pois o argumento parte da morte dunha *influencer* e, en boa medida, o seu desenvolvemento procura atopar unha explicación á súa estraña desaparición. Ao tempo hai espazo para, en certa maneira, incorporar elementos da novela histórica, a través dun argumento parello ao contemporáneo e marcado polos malos tratos, e outros de filiación fantástica ou, se querer, relacionados co ámbito do sobrenatural.

Ademais, *Senlleiras* opta por un xogo heteroxéneo en canto aos puntos de vista narrativos, exhibe un contrapunto atinado na evolución das liñas argumentais e agrega un corpus relevante de textos que van de retallos doutras pezas literarias a outros xornalísticos -moi interesante resulta a recuperación da figura da articulista Corona González -, sen obviar a funcionalidade e importancia que teñen as novas tecnoloxías no ámbito da comunicación interpersoal e colectiva hoxe en día.

Apenas, ao meu ver, un elemento pode embazar unha moi digna novela como é a ruptura das convencións lingüísticas adoptadas con normalidade para personaxes que, por unha razón ou outra, non empregan o galego, sospeito que pola intención de verosimilitude, aínda que existen outros recursos. Dun ou doutro xeito *Senlleiras* é unha novela probablemente necesaria que trata con transparencia e efectividade a vagarosa construción desa arañeira que invisibiliza e anula neste caso a dúas mulleres, pero tamén outras moitas máis. Unha proposta, en fin, necesaria para activar a reivindicación e para concienciar da verdadeira e tráxica dimensión social da violencia machista exercida contras as mulleres Nela fálase de cadeas dunha prisión que non son de ferro: son moito máis sutís e convén coñecelas.

Esta recensión publicouse nas páxinas do suplemento *Fugas*, de *La Voz de Galicia*, o 14 de setembro de 2018.

https://cadernodacritica.wordpress.com/2018/09/15/senlleiras-de-antia-yanez/

Esta guía

Esta guía, que poderá ser utilizada na proba de lectura, ten como finalidade servir de modelo pedagóxico para que o alumnado elabore os seus propios argumentos arredor do libro, a partir da información deitada na mesma e elixida co obxectivo de que os criterios seguidos lle permitan ao alumnado en cuestión coñecer o grao de comprensión da lectura do libro e a influencia que o mesmo exerce; avaliando desta maneira o impacto da súa lectura na formación integral do alumnado.

Guía de lectura [nº 18]
Senlleiras de Antía Yáñez



Senlleiras: suxestións de lectura

LIMIAR

Es unha inútil. Non serves para nada. Ninguén te quere, só eu, que son parvo.

No limiar da novela, Antía Yáñez xa deixa claro a intencionalidade da mesma: denunciar a intolerábel violencia machista, tanto física como psicolóxica.

1

Maldita a hora en que volvera poñerse de moda ensinar o embigo... Levou as mans ás costas e intentou desencaixar o suxeitador da carne.

O inicio da trama preséntanos a moda como unha especie de sometemento á escravitude do seu encanto.

E *o que comezara como unha simple diversión habia sete anos, colgando fotos súas nas redes co modeliño que levara tal ou cal día, agora era un traballo profesional pagado con centos e mesmo miles de euros por imaxe subida. Nunca tivera as cifras moi claras; esas cousas sempre as levara el. O único que sabía era que ia case polo medio millón de seguidores...* Mais *deixara de ter control sobre a súa propia vida...* A dependencia das redes era dobre: ao seu home e ao seu corpo.

2

Algúns dos comentarios do blog de Alda son moi despectivos: *O que de verdade me gustaría saber a min é a que se dedica esta muller realmente... Esta que fai? Subir fotos e cobrar por elas? QUE SE PONA A TRABALLAR DUNHA VEZ! ASÍ VAI O PAÍS!*

Ao remate do capítulo, aparece unha nova de última hora:

Alda Freixeiro, a blogueira de moda... é atopada sen vida no seu cuarto de baño...

3

A ruptura temporal serve para introducir unha nova historia en paralelo á de Alda; a de Alana:

Vila Chorima era a casa máis fermosa do mundo.

Agora aquel ia ser o seu novo fogar, dixéralle a mamá. Serao para os señores da casa, pensara Aldana. Elas tan só ían alí servir. "Imos a que manden en nós", dixéralle tristeira á avoa o día anterior. "Ese sitio xamais será o meu fogar". Nesa altura o servizo doméstico era unha ocupación moi desexada para as rapazas solteiras, malia recibir un trato rudo e servil (maltrato, acoso sexual), agás aqueles casos nos que as criadas eran consideradas como da familia. Parafraseando a Xavier Castro "servir era o pan do demo".

4

A íntima amizade entre Alda e Navia amósanos o complexo das relacións humanas. Navia estaba namorada de Alda, mais esta só podía darlle afecto amigable. Eran dúas personalidades mos diferentes pero iso complementábaas, pois Alda era *presumida, coqueta, atrevida, extravertida. A outra, pouco faladora e pouco preocupada polo aspecto...* É máis, *Alda cría que a envoltura da persoa era a súa carta de presentación.* Mais moitas veces as aparencias enganan.

5

E a muller?.. A verdade é que alí tirada na bañeira desmerece moito. Téñoa visto en Internet, en fotos desas que colgaba con roupa e consellos de moda. Era guapa; de feito, moito máis que guapa. Tiña un "polvazo". Sei de sobra como son os matrimonios así. El, maior e forrado; ela, nova e fermosa. En menos dun mes o tipo este terá as penas esquecidas e a cama quente de novo. Quen me dera a min... A visión dos feitos, por parte do inspector, desde unha óptica da contemplación da muller como un obxecto para gozar e logo desfacerse del.

6

O profesor da escola de Cecebre sempre dicía que ela era o alumno máis listo que tiña (expresión empregada con naturalidade no marco da linguaxe sexista).

-É boa mágoa que naceses muller, oh. Co intelixente que es, poderías chegar ben lonxe.

Alana non entendía por que era malo ser muller.

A observación do mestre bate coa inxenuidade da rapaza, inconsciente ainda de que como muller a sociedade lle reservaba un papel de submisión ao macho e de figura marxinal no ámbito social, nun claro contexto de fonda inferioridade.

Fora a nai que se empeñara en enviala a que estudase:

-A escola, á escola para que? A santo de que van as nenas á escola? A situación das nenas que podían ir á escola con respecto aos nenos era de notoria inferioridade. A Lei Moyano (1857) establecía no ensino primario un currículo escolar discriminatorio; a elas non lles impartían as disciplinas de Industria e Comercio; en contrapartida recibían aprendizaxe de Hixiene doméstica e Labores. Estaba claro o que a sociedade demandaba da muller: ama de casa.

-Quero ler libros da súa biblioteca. Dixéralle Alana a dona Sagrario. Entón *a rapaza escoitou como as engrenaxes se movían e as portas do paraíso abríronse para ela.* Unha vez dentro o libro escollido *Cuentos de amor* de Emilia Pardo Bazán sorprendeuna, pois *non sabía que as mulleres tamén escribisen.* E nos libros procuraría achar a súa liberación e reafirmación como persoa cos mesmo dereitos.

O despezo cara ao feito de ser unha muller vaino vivir Alana de xeito repugnante, sufrindo acoso sexual:

- Es una mala pécora... As mulleres sodes así todas, levádelo dentro. Por máis paus que vos dean para poñervos ao rego, seguides igual. Non podedes evitalo: é a vosa natureza.

- Tes medo? ... Se eu sei tratar moi ben as mulleres coma ti. E as meiñas tamén...

A rapaza estaba paralizada de medo. Non sabía moi ben que lle facía Aniceto...

Perante o abuso pederasta, Alana reaccionou defendéndose e liscando a fume de carozo, agochándose mentres *as bágoas esvaraban pola súa cara...* Soubo entón cal *era o prezo a pagar: A vergoña. O silencio. A culpa.*

7

E Navia coñece a André quen lle dá explicacións de como chegou a relacionarse con Alda:

-Verás, coñecin a Alda a raíz do... da... digamos "presenza fantasmal" da súa casa. Fun eu quen a puxo en contacto con "Milenio", onde traballo de reporteiro.

Na conversa, André infórmaa de que Alda estaba embarazada, feito confirmado pola autopsia.

8

Mentres que Navia remata a carreira de Arquitectura, Alda abandona os estudos de Comunicación Audiovisual para dedicarse ao seu blog, ao Instagram e á súa canle de Youtube, *onde falaba a diario de roupa e de maquillaxe...* E Alda dille a Navia: *Que titulo universitario necesitas para ser "influencer"?*

-"Gilifluencer!", respondeu Navia.

Mais Alda sentenza: *cobro por que me digan o guapa que estou! Podes crelo?... O soño da miña vida! Cobrar por sacarme fotos!*

E entre elas foise fraguando unha grande amizade, mais Navia *non podía contarlle que levaba namorada dela toda a vida.*

9

A frustración de ser muller leva a Alana a sentirse soa sen ninguén que a estime, que a ame, mesmo a nai.

E as lembranzas agroman nela mentres viaxa coa nai no tren camiño do encontro, con Xosé ou Xosiño, o que suporá unha xanela de esperanza na vida de Alana, malia que ao principio se miraran con certa desconfianza. Na conversa inicial entre os dous descubrimos o pai de Xosé, modelo de macho alfa:

-Es lista; sabes pensar. Meu pai di que as mulleres que saben pensar son mala cousa.

-Cáesme ben. Como te chamas?

-Alana... Significa harmonía.

A conversa achéganos ao coñecemento da onomástica. Sabes o que significa o teu nome? E os apelidos?

Xosé amósalle o tear da casa, daquela Alana pregúntalle que quere ser de maior, ao que responde sen dubidar: *Tecedeiro.*

Mais *o papá di que ese é traballo de mulleres. Que como me vexa coas mans no tear, hamas cortar.*

Tecelá no tear.Arquivo Ebeling

De novo aflora a educación machista que está a recibir o rapaz por parte dun pai violento.

Un pasado escuro e violento forma parte das nais dos rapaces, que tiveron a desgraza de bater cun home misóxino e maltratador. Nestas os rapaces escoitan:

-Fillo de porco, marrán seguro.

E deseguido as suplicas da nai de Xosé, para que a nai de Alana o leve con ela:

-Non, por favor! Lévamo de aquí! Vaimo matar! Mira como me deixou o ollo; farallo a el!

11

Navia reflexiona sobre a globalización publicitaria baseada na lingua franca internacional de referencia: o inglés.

-Hoxe en día toda a publicidade leva o inglés por algún lado. É complexo, creme: pensan que con poñer "Black Friday, 50% off" son máis cosmopolitas ca ninguén. Pero é o que gusta agora, que se lle vai facer!.. É todo puro márketing...

12

A nai de Xosé (Xosiño) sufriu un verdadeiro inferno de explotación e malos tratos psicolóxicos e físicos.

Tiña que tecer pola noite, cando el andaba na taberna e o meniño durmía. Na taberna ou onde estivese, que pouco lle importaba. Despois de traballar no campo e andar cos animais, de cociñar, de lavar a louza e a roupa cando tocaba e de coidar o fillo, el descansaba e ela volta ao traballo...

Aceptaba que lle zoscara a ela, pero non ao meniño...

Co paso dos anos o marido conseguira afastala de todos. Primeiro, por medo a que alguén a mirase de máis. Iso é que me quere..., pensara, estúpida. Despois pola vergoña de que a visen coa pel a cores polos golpes.

O reencontra das dúas nais aviva o recordo do ocorrido anos atrás, e *de nada valeran as explicacións de que ela non quixera, que o home se aproveitara. Co aposto que era o seu Edelmiro? Iso tiña que ser mentira por forza. El non necesitaba aproveitarse de ningunha, se se lle tiraban aos brazos! Sempre tivera que estar moi atenta de que o seu marido non caese na tentación, que xa sabía como eran os homes. Que equivocada estivera!* Sen dúbida que a educación patriarcal recibida por ela era un hándicap para superar a situación de violencia de xénero á que estaba sometida. De maneira que difundira por toda a aldea o ocorrido *porque o adulterio era sempre culpa delas, das mulleres. E a maior vitoria dos homes era ver que elas mesmas se esnaquizaban unhas ás outras, sen ter que facer nada.*

Logo de reflexionar sobre os feitos tomou a decisión de librar a Xosiño daquel pesadelo, e *Antonia sentou diante do tear e suspirou de alivio...Prendeu o candil e...*

Un xornal daba conta do tráxico suceso; *dous mortos en incendio.*

14

E a vida para Xosé a carón de Alana comezou a ter outro cariz en Vila Chorima, mesmo empezou a sentir unha forte atracción por Alana que ela non sentía, ademais Alana *era lista, fermosa, culta. Sempre estaba a ler libros da biblioteca da señora...* Mentres que Xosé case non sabía ler, só *fora un par de anos á escola.* No entanto para Alana, *os libros e Xosé* eran *os seus únicos amigos.*

A partida para a casa da avoa na Coruña vai supoñer un cambio nos costumes de Alana, dedicada agora á venda de produtos no mercado; e é neste contexto que coñece a Bernabé, a posteriori o seu marido.

15

E nestas que os albaneis que traballan na reforma da casa achan un libro oculto detrás dun ladrillo solto que lle entregan a Alana. *Cóllelo con curiosidade."Cuentos de amor". Está amarelado polo paso do tempo. Ábrelo e os papeis do seu interior caen ao chan.* O libro de Alda sérvenos como fío que une a traxedia intemporal das historias paralelas de Alana e Alda.

16

Alana recibira *Cuentos de amor* de dona Sagrario, *como unha promesa do que estaba por vir.*

E Alana *sabía que eles desfrutaban... Era a súa natureza. Buscar o pracer fóra e desafogar, se non tiñan na casa o que necesitaban, era inherente a eles... Ela darialle todo o que precisase e serían moi felices.* Treito, este, que reafirma a educación machista recibida por Alana o que fai fincapé no rol da muller nas relacións íntimas: *Doeulle...Cando rematou... Alana xirouse e quedou de costas a el. Non quería que vise as bágoas nos seus ollos.*

17

Alda coñece a André e entre eles flúe a conversa:

- Si, xa sei que non es modelo. É que... iso de "influencer", pois... Está claro que hai moita xente que admira o teu traballo, pero dicir que os influencias é como... non sei, dicir que lles lavas o cerebro?

E ti que opinas do papel social que xogan as e os "influencers"?

Alda mira a André... Non debería. Se Bieito a vise con outro home, non sabe do que sería capaz. Só o medo a que Bieito saiba que fala con outro home fai aflorar en Alda o sentimento de culpa e submisión, e no seu maxin emerxen situacións de violencia de xénero xa vividas:

Ti non fales. Déixame a min. Non sabes facer nada ao dereito...Avergóñasme cada vez que abres a boca...

Asústase ao decatarse. Aquel mozo gústalle.

E en Alda agroman novos sentimentos liberadores do sometemento que está a vivir.

18

Alana e Alda amosan de xeito intemporal vidas en parella paralelas. E Alana (ao igual que Alda) sofre a violencia de xénero en silencio:

- "¡Pero cómo se te ocurre! ¿Acaso crees que me hace gracia que la gente piense que me he casado con una pescadera?"

Desde o comezo daquel matrimonio sentirase pouca cousa...

E coa submisión emerxe o conflito lingüístico:

- "Ni se te ocurra hablar en ese dialecto tuyo de aldea con la gente, ¿estamos?".

Fora das primeiras cousas que lle prohibira Bernabé... Agora falaba ben, andaba ben, vestía ben... Tiña un marido culto, atractivo, rico. Era o soño das protagonistas dos seus libros.

Vemos a literatura como evasión da realidade, como se dunha revista do corazón se tratar. Alén diso, observamos que os prexuízos lingüísticos, nomeadamente os estéticos e socioculturais, agroman con forza e estigmatizan a orixe. Iso si, *cando Bernabé non estaba permitiase o luxo de falar en galego...* coa servidume.

E cando Alana coñece a Corona, unha xanela ábreselle ao coñecemento e, mesmo, á liberación. Pero...

"No me gusta esa mujer, Alana... Es demasiado lista; eso en vosotras es malo, ya lo sabes".

Con todo, Alana tenta manter viva a relación con Corona, o que lle supón o achegamento á realidade do país, sobre todo, no que á marxinación da muller se referir:

E Corona cartéase con Alana:

"Alédame moito que che interese tan magnífico voceiro como é A Nosa Terra.

¿Leches a Rosalía de Castro? A nosa lingoa elévase cuase astra o altar das máis senlleiras do mundo..."

Ese achegamento á nosa realidade lingüística e cultural fai que Alana se decida a escribir un artigo para ANT, iso si, anónimo, por ser muller e por ser consciente de con quen estaba casada. Mais nunca o vería nin o chegaría a ler impreso:

Sen mediar palabra, Bernabé pegoulle unha labazada na cara que a tirou ao chan.

- "¡¿Qué es esto!?¡¡¡Qué es esto!!!"

O home lanzoulle a cabeza o que levaba nas mans. As cartas de Corona saíron voando e os libros que lle recomendara remataron ciscados por todos lados, mesturados cos números de A Nosa Terra e as cuartillas que escribira...

Nunca ata ese día Bernabé lle puxera unha man enriba, pero Alana comprendera... que non facía falla pegar para deixar cicatrices. As palabras tiñan moita forza.

E colocoulle o xornal (ANT) *aberto diante dos ollos* dun artigo que dicía: *"As mulleres precisan de educación e da instrucción máis que os homes".*

Entón, *pegoulle un sopapo nun lado da cara.*

- "Eres..."

Deulle un puñazo na boca.

- "... una..."

Levantouse e cravoulle o pé con forza no estómago.

- "... maldita..."

Deulle unha patada non soubo xa nin en que parte do corpo.

- "... malnacida."

Nestas aparece a sogra: *"Lo que tenemos que hacer es permanecer en nuestro papel e importunarles lo mínimo, así no se verán tentados de descargar su furia en nosotras. Ya aprenderás".*

Debería de asumir a súa condición de muller casada cun prototipo de machista, o que por desgraza era normal.

19

O encontro de André e Navia achega aspectos de Alda que a súa amiga descoñecía, como o feito de saber que Alda estaba embarazada e de que coñecía o que sentía por ela.

Ela sabíao. Tiña medo de perderte por non poder darche o que ti querías, así que nunca dixo nada...

20

Abraia a forma de dar a noticia da morte de Alana, como se fose algo normal!: *"La esposa yacía en el suelo, con numerosas cuchilladas en pecho y espalda, muerta ya, mientras el desdichado marido permanecía postrado en el sofá con un tajo en la garganta, al parecer, hecho por su propia mano..."* A reacción de Navia ao ler a noticia naquel vello periódico de hemeroteca é de anoxo:

- Pero que me estás contando? Un puto asasinato e despois o cabrón que se suicida! As cousas polo seu nome!..

E por riba os feitos ocorreron no mesmo piso ou edificio onde vive Alda o que lle dá un certo pouso fantasmagórico. E nestas que Navia repara en que Alda non se atopa animicamente ben, tal que lle agroman pensamentos de violencia psicolóxica sufrida: *Ti non fales, que non sabes. Non se che dá ben. Hai algo que se che dea ben? Avergóñasme cada vez que abres a boca.* De novo batemos co terrible paralelismo entra Alana e Alda.

22

Maio 1927. Bernabé queimara todo na cheminea e obrigáralle a mirar mentres o facía. A correspondencia coa única amiga que tivera xamais; os libros en galego que mercara; *os números de "A Nosa Terra". Todo. Bernabé queimara todo cun sorriso na cara mentres miraba para ela.*

O tremendo suceso acrecentou nela o sentimento de culpa. *Fixera mal e sabíao.*

E a violencia exercida sobre Alana a cada paso facíase máis cotiá, un auténtico calvario:

Setembro 1927. Ao final, Alana non acudiu ao teatro; había cousas que nin os pos de arroz borraban.

Decembro 1927. Bernabé prohibiulle ir de compras coas Elenas. Nas rúas había demasiados homes que a miraban...

Abril 1928. Alana non volveu sorrir en toda a cea. Tampouco o fixo despois, cando a montou sen ningún tipo de consideración.

Maio 1928. Perdón... Ela volveu sentir as pernas tremer... Só que xa non sabía diferenciar se era por amor ou por medo.

Xuño 1928. Bernabé quería fillos, pero algo había dentro dela que estaba mal. Esas cousas eran sempre culpa das mulleres...

Novembro 1928. Os seus viaos todos os día no espello do baño... Eses ollos verdes rodeados de negro.

Decembro 1928. Aquela noite non foi que de durmir pola dor das costelas.

Febreiro 1929. Alana non sabía que era o que facía mal, pero sabía que non facía nada ben.

Marzo 1929. Atreveuse a pedirlle a Bernabé que a levase a ver "O Mariscal". -";Pero eso es en gallego?

Maio 1929. Morreu teu avó... Bernabé non lle deixou ir ao enterro. Aquel non era lugar para a muller dun Viturro...

Setembro 1929. Asunción rompeu un prato dunha vaixela moi cara e Bernabé rompeulle un dedo da man a Alana ao pisarllo cos zapatos da rúa, dicíndolle que non valía nin para vixiar o servizo.

Novembro 1929. Era unha inútil. Non sabía facer nada ben. PUM. Non merecía a alguén coma el. PUM... Xa se fixara en como miraba a todos os homes, con lascivia, con luxuria. PUM. Puta, puta, puta. Puta e inútil. PUM...

23

E Alda, blogueira e *influencer* de moda vese arrastrada ao mundo paranormal, ao ser "tema do momento" a foto coa súa man fantasma; e no programa *Milenio* dá conta da noticia *dun xornal dos anos trinta,* o crime *demasiado común* que tivera lugar no mesmo edificio no que ela vivía.

24

somoscomarca.es/corona-gonzalez

A violencia de xénero énos amosada pola autora en base a unha arrepiante selección de hemeroteca dos anos vinte, precedida do artigo feminista de Corona González en ANT: *"Pros pais que tein fillas".*

25

André amósalle a Navia as *noticias vellas que estaban no libro de Alda,* así como unha foto da voda de Alana e Bernabé, pretexto que usa para atar cabos sobre o seu interese na tráxica morte de Alana:

-O primeiro pola esquerda é o meu bisavó, Xosé... Nunca rematei de entender que relación había entre meu bisavó e ela (Alana), *máis alá dunha profunda amizade e de que estaba perdidamente namorado dela.*

26

A vida de Alana constituía unha verdadeira prisión: *Alana observaba pasar a xente... desde a ventá do piso. Para iso lle servira vivir no de arriba de todo, para ter o cárcere con mellores vistas do mundo.*

Por riba xa non podía botar man das lecturas que lle recomendara Corona, Bernabé trouxéralle *o único* libro *que segundo el debía de ler unha muller: "La indigencia espiritual del sexo femenino. Las pruebas anatómicas, fisiológicas y psicológicas de la pobreza mental de la mujer. Su explicación biológica"... O autor era Roberto Novoa Santos*, misóxino médico de sona.

A aversión aos libros por parte de Bernabé viña da consideración de que os mesmos *eran os culpables de todas as súas desgrazas.* E *Alana non era máis que outra posesión, coma unha cadeira ou unha mesa.* De feito, *había moito tempo que deixara de sentir por el outra cousa que non fose medo.* Un medo que aos poucos se tornaría en verdadeiro terror:

Bernabé, o seu maldito marido, que abriu a porta de repente e a pillou sentada á súa mesa co libro entre as mans, mais o libro estaba cheo de anotacións que ela ía engadindo:

-"¿Qué es lo que estás haciendo?"

-"¡Cómo te atreves?"

-"¡Tu única ocupación era mostrar gratitud y darme hijos¡"

Só era quen de sentirse ben se Alana lle tiña medo... Golpeouna na cabeza, nos brazos, nas costas...

28

E a única persoa coa que Alana podía desafogar era con Xosé, e claro eran moi contados os encontros: *A fin e ao cabo, eran medio irmáns. Ninguén llo confirmara nunca, nin falta que fixera.*

E Xosé sufría co sufrimento de Alana: *Non lle deixes gañar, Alana. Case te mata... Podes volver ser feliz... As feridas curan... Necesitan tempo, pero curan...*

Mais a confesión do embarazo fixo saltar a Xosé: *Un fillo dese malnacido. Que máis desgrazas podían pasarlle a Alana?*

- Vou ter este bebé, e se é un neno ensinareille que os homes e mulleres somos igual de valiosos...

29

Alda por fin dá o paso do divorcio e comunícallo a Navia a través dun correo electrónico: *Querida Navia... de momento, o único que che podo dicir é que lle vou entregar a Bieito os papeis do divorcio...*

30

Navia e André chegan á conclusión de que Alda non se puido suicidar: *Alda loitaba sempre polo que quería; a rendición nunca entrara nos seus plans... Conseguirao todo a base de esforzo... E non o tivera sinxelo... Navia sabía que os pais andaban metidos na droga. Alda xamais tería caído nese mundo. Aborrecía a seus pais...*

31

A desesperación levou a Alda a unha serie de reflexións de fatais consecuencias: *Era parva... André utilizáraa para os seus propios intereses. Tiña razón Bieito: o único que a ía querer xamais era el.* Daquela aflorou en Alda a expectativa de que a crise de convivencia a podían superar: *Era a súa obriga, como esposa, aguantar. Estaban xuntos nas boas e nas malas. Ademais, "quen ben te quere farache sufrir".*

32

O desexo de recuperar o libro coas anotacións, malia as advertencias de Xosé, foi o desencadeamento do tráxico desenlace:

Para ela non era un simple libro. Os libros nunca foran só libros. Eran as vidas que vivira; os amigos que nunca tivera, a excepción de Xose. A esperanza á que agarrarse cando non vira saída... Tiña que ir por elas (por todas as mulleres maltratadas e asasinadas). E en mala hora:

Entrou. Rápido. Sen pensar. Subiu as escaleiras. Correndo. Timbrou...

- Señora, por Deus. Márchese, que ha volver en calquera momento!..

Entón. Observou que Bernabé Viturro regresaba pola rúa e...

Alana estremeceuse. Quería liscar de alí canto antes...

Alana escoitou os pasos e non tivo tempo de reaccionar...

Alana notou un líquido quente baixarlle polas pernas.

33

Ai! E Alda é Alana:

Pídeche perdón. Non intenta ferirte coas súa palabras. Nunca é culpa del.

E culpa túa? Culpa túa tampouco, pero cres que así é... Ti, que eras unha muller independente, agora non es máis ca un monicreque sen forza de vontade... Non tes control sobre a túa propia vida... Non obstante nunca che puxo a man enriba, por moito que che berrase, te insultase, te vexase... E iso é bo. Non?

35

A petición de divorcio acelera o tráxico final, e a conversa de Bieito co seu avogado é un claro exemplo de patrimonialismo:

- Pediume o divorcio a moi...!! Pero se nunca lle puxen a man enriba!

- Xa sei, meu, pero levas as de perder... Poñen unha denuncia e automaticamente somos culpables...

- E dismo ti, que xa vas pola cuarta?

- Isto é como fumar, meu. Sabes que é malo para a saúde, pero non podes deixar os puros.

36

Alda reflexiona sobre a súa situación, tentando convencerse a si mesma de que é unha muller maltratada:

Choras máis que falas... Resultou ser o lobo feroz. Igual que Bernabé... Es unha muller maltratada, si. Has ter que aprender a dicilo ainda que che custe. Ainda que nunca che puxera as mans enriba. Nunca excepto esa noite na bañeira..., máis doen as cicatrices de dentro, as que non se ven.

37

Bieito prepara todo con sumo coidado para simular que *a morte de Alda era un suicidio ou un accidente*, mais esquecera o sobre delator:

Foi á cociña por auga e botoulle a dose necesaria... Cando rematou, colleu o coche e volveu a Madrid... Deixouse ver... e colleu o coche de novo para regresar. *É atopara a Alda morta. Un marido roto de dor...* Pensou que todo lle saíra ben *ata que se lembrara de que o sobre, a demanda de divorcio e o móbil quedaran na libraria...*

38

Bieito abre a porta e ti miralo con medo.Tes as maletas alí... Testemuñas silenciosas do que pretendías facer.

Converxen pasado e presente para denunciar que todo, por desgraza segue igual. As vítimas elas, os verdugos eles:

Entón o tempo dóbrase, retrocede..., xira. Esta vez son eu quen abre a porta, e o que atopo é a Alana no chan... Non podo soportalo e tomo a xustiza pola man. *Agárrolle a cabeza e córtolle o pescozo, sen pensar... Deixo o coitelo na súa man e marcho..., sen decatarme de que acabo de facer o que el quería...*

Entón, *o tempo volve dar un salto... Regreso contigo e con Bieito.* E son testemuña de novo da traxedia: *Comezas a sentirte mal... Miras o vaso e enténdelo todo... Vexo que te mete na bañeira... Vexo que saca a xiringa. Vexo todo e non fago nada.*

A reflexión sobre os feitos déixanos un pouso de amarga violencia machista. *Non detiven a Bernabé e tampouco fun quen de deter a Bieito... Eu seguín soa deste lado... Marchaches ti. Marchou Alana. Marcharon moitas antes de vós e marcharán moitas despois...*

Bieito, Bernabé. Tristes armas as súas, as do sometemento.

E tristes armas para defendernos as nosas.

39

Ao final, o fío argumental mergúllanos nunha nube de misterio que nos provoca un arreguizo que fai tremelicar todo o corpo:

- Alana é libre por fin -Navia lembra a estraña néboa branca que saíu pola ventá tras guindar a Bieito por ela- Foi ela quen tirou a Bieito...

Entón Navia *decátase de que na mesa de madeira... hai un libro. "Cuentos de amor"*

E no **EPÍLOGO** podemos ler un treito de "*Cuentos de amor*" que semella reproducir a tráxica vida de Alana e Alda; acompañado dunha selección de hemeroteca sobre violencia machista.

NOTA DA AUTORA

Desde que hai rexistros oficiais (2003) e a 17 de maio de 2018, 934 mulleres foron asasinadas por ser só iso, mulleres. E desde tal data á actualidade?

Hai moito camiño por andar. Moitas mulleres senlleiras que deben ser lembradas.

E nós, as que quedamos, os que quedamos, debemos facelo. Para mudar o presente e o futuro, xa que non podemos cambiar o pasado.